

O 18 DE Xaneiro publícase no DOG A ORDE do 19 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de superficies forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2019.

As beneficiarias serán persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dos terreos obxecto de axuda, entendendo por titulares tanto propietarios como arrendatarios ou xestores, sen que se admita a cesión por parte do propietario do terreo a un terceiro. Das axudas previstas nesta orde serán beneficiarias as sociedades de fomento forestal (Sofor), os propietarios particulares de forma individual, as asociacións e agrupacións de propietarios particulares formalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, as cooperativas agrarias, os pro indivisos, os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo, as comunidades de bens, outras persoas xurídicas e as comunidades de montes veciñais en man común (en diante, CMVMC) que cumpran o establecido no punto 1.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases que regulan as **axudas para a creación de superficies forestais en terras non agrícolas** e proceder á súa convocatoria para o ano 2019 en réxime de concorrencia competitiva (procedemento MR670B).

As axudas obxecto de subvención son as seguintes:

- a) **Axudas á primeira forestación de terras non agrícolas con especies do anexo I desta orde (coníferas).**
- b) **Axudas á primeira forestación de terras non agrícolas con especies do anexo II desta orde (frondosas).**

Intensidade da axuda

A intensidade de axuda para estas actuacións será do 100 % e a axuda calcularase sobre o custo real subvencionable do investimento determinado no correspondente proxecto técnico ou no anexo XIII, segundo sexa o caso.

Os traballos solicitados non poderán iniciarse antes da inspección previa a que se refire o artigo 19 desta orde e estarán condicionados á aprobación da axuda.

O prazo de presentación de solicitudes será ata o 18 de febreiro.